

## **1.- CALENDARIO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2019-2020**

<b>Presentación de solicitudes de admisión para novo alumnado</b>	do 1 ao 20 de marzo
<b>Presentación da documentación acreditativa dos criterios de admisión no caso de non haber vacantes suficientes para todas as peticións</b>	10 días hábiles a partir dos 2 días seguintes á finalización do prazo de presentación de solicitudes: do 25 de marzo ao 5 de abril ambos incluídos
<b>Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos</b>	antes do 25 de abril
<b>Prazo de reclamación ante o Consello Escolar do centro</b>	5 días hábiles dende a publicación das listaxes. As reclamacións resolveráanse en 5 días hábiles
<b>Públicación das listexas definitivas</b>	antes do 15 de maio
<b>Prazo de interposición de recurso de alzada ante o titular da Xefatura Territorial</b>	un mes a partir do día seguinte á publicación das listaxes definitivas

## **2.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN DE NOVO ALUMNADO**

**PRAZO:** O alumnado novo que queira presentar solicitude de admisión neste centro terá que facelo do **1 ao 20 de marzo**.

**LUGAR:** As solicitudes poderán facerse:

- no centro que se solicita en primeiro lugar ( de forma presencial)
- ou a través da aplicación informática:  
: <http://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>.

Lémbrese que só se pode presentar unha única solicitude de admisión (no centro que se solicita praza en primeiro lugar). O non cumprimento deste feito determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle. Tamén deberán renunciar á praza no centro onde teñan reserva automática.

O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

**DOCUMENTACIÓN:** O/a proxenitor/a ou representante do alumnado deberá achegar coa solicitude de admisión a seguinte documentación:

- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta.
- Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a.
- Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo.
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso

### **3.- BAREMACIÓN (SÓ APLICABLE EN CASO DE QUE O NÚMERO DE SOLICITUDES SUPERE AO NÚMERO DE VACANTES)**

#### **PRAZO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN**

10 días hábiles a partir dos 2 días seguintes á finalización do prazo de presentación de solicitudes: do 25 de marzo ao 5 de abril.

#### **BAREMO APLICABLE**

Criterios por orde de prioridade:

##### **a.- Valoración da existencia de irmáns matriculados no centro.**

- 1) Por unha irmá ou un irmán matriculado no centro: 8 puntos.
- 2) Polo segundo e seguintes irmáns matriculados no centro: 2 puntos por cada un.

No caso de irmás ou irmáns que nacesen dun parto múltiple, outorgaráselle a cada unha/un delas/deles a puntuación prevista para unha irmá ou un irmán matriculados no centro, sempre que soliciten o mesmo centro e o domicilio familiar estea na mesma área de influencia do centro.

##### **b.- Valoración por ser traballador do propio centro.**

Por nai, pai, titoras ou titores que traballen no centro: 3 puntos

##### **c.- Valoración da proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo dalgún dos pais ou titores legais. A valoración terá carácter excluínte.**

- 1) Proximidade do domicilio familiar:
  - a) Se o domicilio familiar se encontra na área de influencia do centro: 6 puntos.
  - b) Se o domicilio familiar se encontra nas áreas limítrofes á área de influencia do centro: 3 puntos.
- 2) Proximidade do lugar de traballo:

a) Se o lugar de traballo do pai, nai ou titor legal está situado dentro da área de influencia do centro: 4 puntos.

b) Se o lugar de traballo do pai, nai ou titor legal está situado nas áreas limítrofes á área de influencia do centro: 2 puntos.

**d.- Valoración da renda per cápita da unidade familiar.**

Por renda per cápita da unidade familiar, valorada por referencia ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM = 6390,13 €)

- 1) Se é inferior a 0,5 veces o IPREM: 3 puntos.
- 2) Se é igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: 2 puntos.
- 3) Se é igual ou superior a 0,75 e inferior ao IPREM: 1 punto.
- 4) Se é igual ou superior ao IPREM: 0 puntos

**e.- Por condición de familia numerosa:**

- 1) Por familia numerosa de categoría especial: 3 puntos.
- 2) Por familia numerosa de categoría xeral: 2 puntos.

**f.- Por condición de familia monoparental: 2 puntos**

**g.- Por concorrencia de discapacidade na alumna, no alumno ou nalgún dos seus proxenitores ou irmáns:**

- 1) Por discapacidade da alumna ou alumno: 4 puntos.
- 2) Por discapacidade dunha/un das/os proxenitoras/es ou titoras/es: 3 puntos.
- 3) Por discapacidade dalgunha/un das/dos irmás/áns da alumna ou alumno: 1 punto por cada unha/un delas/es.

**h.- Por expediente académico, no caso de acceso ás ensinanzas de bacharelato:**

- 1) Nota media de sobresaliente: 2 puntos.
- 2) Nota media de notable: 1 puntos.
- 3) Por nota media de ben: 0,50 puntos.

**i.- Por criterio complementario, consistente en residir na zona limítrofe: 1 punto.**

No caso de empate na puntuación final, resolverase atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos referidos criterios atendendo a seguinte orde de prelación: a), b), c), d), e), f), g), h), i),

Se unha vez aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase aplicando o resultado dun sorteo público, que realizará anualmente esta consellería a última semana do mes de febreiro sobre as letras dos apelidos do alumnado solicitente. Este sorteo aínda non se realizou neste curso.

## **4.- SEGUIMIENTO E CONSULTA DO ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES**

O centro publicará as listaxes de admitidos/non admitidos:

- Listados provisionais: antes do 25 de abril (Reclamación: 5 días hábiles a partir do seguinte á publicación das listaxes)
- Listados definitivos: antes do 15 de maio

O alumnado e as súas familias poderán consultar o estado de tramitación das súas solicitudes a través da aplicación informática <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>, utilizando o código da solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.

## **5. PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA**

Todos os alumnos deberán formalizar a súa matrícula nos prazos sinalados a continuación. De non facelo así perderán o seu dereito á praza.

- **Prazo ordinario:** do 25 de xuño ao 10 de xullo (\*)
- **Prazo extraordinario de matrícula (para os alumnos con materias pendentes en xuño):** do 1 ao 10 de setembro (\*)

(\*) sen prexuízo de que o centro fixe un día concreto para a matrícula de cada nivel educativo.

### **Normativa de aplicación**

- [DECRETO 254/2012, de 13 de diciembre](#), por el que se regula la admisión de alumnado en centros docentes sostenidos con fondos públicos que imparten las enseñanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria y de bachillerato reguladas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.
- [ORDEN de 12 de marzo de 2013](#) por la que se desarrolla el procedimiento para la admisión del alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan enseñanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria y de bachillerato reguladas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.
- [ORDEN de 25 de enero de 2017](#) por la que se modifica la Orden de 12 de marzo de 2013 por la que se desarrolla el procedimiento para la admisión del alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan enseñanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria y de bachillerato reguladas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.